



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección de operacións

Materia	Dirección de operacións			
Código	004G020V01302			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Rodríguez López, Nuria			
Profesorado	Blanco González, Manuel Pérez Bouzas, María Pilar Rodríguez López, Nuria			
Correo-e	nrl@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia desenvolve os contidos, métodos e ferramentas asociados á estratexia de operacións. Nela afóndase en aspectos relacionados coa selección e deseño do produto, modo e lugar de elaboración, recursos necesitados e a súa organización, e calquera outro aspecto necesario para que a empresa poida realizar o proceso produtivo para o que foi creada.			
	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B11	Redactar proxectos de xestión global ou de áreas funcionais da empresa
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
C12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais
D5	Motivación pola calidade e mellora continua

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Mostrar o coñecemento de procedementos e técnicas propias da dirección de operacións.	B1 B10 B11	C6
Aplicar ferramentas de procura, filtrado e interpretación da información relevante na área de produción.	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6

Fixar obxectivos, elaborar estratexias e planos de acción propios das actividades de produción e coherentes co seu contorno.	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6	D5
Manexar os coñecementos, procesos e técnicas propias da dirección e xestión das actividades de produción nas distintas empresas, asumindo os efectos da súa práctica e as consecuencias da súa acción en calquera contexto de intervención reflexionando sobre o seus propios posicionamentos.	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6 C12	D5
Tomar decisións na procura de solucións a problemas relativos á situación da área de produción da empresa así como a emisión dos informes correspondentes.	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6 C12	D5

Contidos

Tema	
MÓDULO 1: A EMPRESA E O SISTEMA DE OPERACIÓN	TEMA 1. O Sistema de Operacións, a Estratexia de Operacións e os seus resultados
MÓDULO 2: DISEÑO DO SISTEMA DE OPERACIÓN	TEMA 2. Selección e Deseño do Produto e do Proceso Productivo TEMA 3. Decisións Estratéxicas de Capacidade TEMA 4. Decisións de Localización TEMA 5. Distribución en Pranta
MÓDULO 3: XESTIÓN DA CADEA DE SUBMINISTROS	TEMA 6. Xestión da Cadea de Subministros TEMA 7. Xestión dos Stocks
MÓDULO 4: XESTIÓN DAS ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN	TEMA 8. Planificación e Control de Proxectos TEMA 9. Planificación, Programación e Control da Producción TEMA 10. Lean Manufacturing

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	20	32
Flipped Learning	7.5	30	37.5
Estudo de casos	15	15	30
Obradoiro	30	45	75
Traballo tutelado	7.5	40	47.5
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula previamente ás sesións presenciais. Logo, coa presenza do docente facilitaránse e potenciaránse outros procesos de adquisición e practica de coñecementos.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso coa finalidade de interpretalo, resolvelo, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos de solución. O estudante, de maneira individual ou en grupo, realizará tarefas de lectura e manexo de bibliografía, aplicación de métodos e ferramentas de solución de problemas,... relacionados coa estratexia de operacións. A participación activa nestas tarefas é obrigatoria.
Obradoiro	Actividade obrigatoria na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Traballo tutelado	Reunións que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. O estudante, de maneira individual ou en grupo, realizará tarefas de procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, aplicación de métodos e ferramentas de solución de problemas,... relacionados coa estratexia de operacións. O estudante deberá expor o traballo unha vez finalizado, sendo obrigatorias tanto unha participación significativa na realización do traballo coma a súa exposición.
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización de actividades propostas, en particular.
Traballo tutelado	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización de actividades propostas, en particular.
Obradoiro	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización de actividades propostas, en particular.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Obradoiro	Probas nas que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. A demostración das competencias adquiridas en cada actividade levarase a cabo durante o período lectivo.	30	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6 C12	D5
Traballo tutelado	Traballo elaborado polo alumno/a e exposición sobre as actividades desenvolvidas, nas que se valorará o proceso de aprendizaxe do estudante. Correspóndense fundamentalmente coas horas prácticas da materia recollidas nos grupos pequenos.	10	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6 C12	D5
Exame de preguntas obxectivas	Conxunto de probas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, resposta curta, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades ou escriben a resposta correcta. Avaliaránse contidos teóricos e prácticos. Haberá entre 2 e 4 probas ao longo do cuatrimestre, entre as que se repartirá a puntuación total deste apartado (a valoración dunha proba individual estará entre o 30% e o 15%, dependendo do número de probas finalmente realizado)	60	B1 B2 B10 B11 B13 B14	C6 C12	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA

O conxunto de probas especificado arriba constitúe o sistema de avaliación continua. Para superar a avaliación continua será obrigatorio a realización dos traballos e de todas as probas citadas anteriormente. Para que as probas de avaliación, sexan tidas en conta na nota final da materia, o alumno debe obter en cada proba ou conxunto de probas como mínimo o 50% do valor asignado a ditas probas.

O resultado da avaliación expresaráse unha escala de 0 a 10 puntos. No caso de obter as puntuacións mínimas, a nota final da materia resultará da suma das notas acadada nos exames e das notas dos traballos realizados nas prácticas e actividades presenciais. No caso de non superar as puntuacións mínimas nalgunhas probas, a nota final da materia será a resultante das notas das probas nas que sí se superou o mínimo. Para superar a materia é necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 na materia.

Os estudantes que opten pola avaliación continua terán unha segunda oportunidade de avaliación que consistirá nun examen práctico e outro teórico, que representarán o 100% da nota. Estes exames cubrirán todo o material do curso. Para superar a materia é necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10.

AVALIACIÓN GLOBAL

Para aqueles alumnos que non podan realizar as tarefas asociadas á avaliación continua, o sistema de avaliación será unha

proba global de toda a materia que valerá o 100% da nota. Haberá dúas oportunidades de avaliación marcadas no calendario de exames da facultade.

Para optar a este modo de avaliación o estudante debe escribir un correo electrónico á coordinadora da materia, renunciando á avaliación continua e indicando o seu desexo de acollerse ao sistema de avaliación global. O prazo para que esta solicitude sexa tida en conta é desde o 11 setembro ata o 11 de outubro.

OUTRAS OBSERVACIÓNS

Condutas inadecuadas, contrarias e prexudiciais á convivencia e á súa corrección, poderán ser sancionadas coa perda do dereito á avaliación continua por parte do estudante responsable.

Calquera evidencia de traballos e probas plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso en todas as convocatorias do curso académico.

IMPORTANTE: As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro da Facultade de CC. Empresariais e Turismo para o presente curso académico. Non obstante, o calendario pode ser modificado ó longo do curso por algún imprevisto. Consulten a páxina web da Facultade por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da Facultade (<http://fcetou.uvigo.es/index.php/gl/exames>).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Domínguez Machuca, J.A. y otros, **Dirección de operaciones. Aspectos tácticos y operativos en la producción y los servicios.**, 1ª, McGraw-Hill, 1995

Domínguez Machuca, J.A. y otros, **Dirección de operaciones. Aspectos estratégicos en la producción y los servicios.**, 1ª, McGraw-Hill, 1995

Heizer, J.; Render, B., **Dirección de la Producción y de Operaciones. Decisiones Tácticas.**, 11ª, Pearson Educación, 2015

Heizer, J.; Render, B., **Dirección de la Producción y de Operaciones. Decisiones Estratégicas.**, 11ª, Pearson Educación, 2015

Heizer, J.; Render, B., **Operations Management. Sustainability and Supply Chain Management. Global Edition.**, 11th, Pearson Education, 2014

Heizer, J.; Render, B., **Principles of Operations Management.**, 9th, Pearson Education, 2014

Krajewski, L.J.; Ritzman, L.P.; Malhotra, M.A., **Administración de Operaciones. Procesos y Cadena de Suministros.**, 10ª, Addison Wesley, 2013

Miranda, F.J. y otros, **Manual de Dirección de Operaciones.**, 1ª, Thomson, 2005

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/O04G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/O04G020V01203

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia e se concibe de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Aportarase ó alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Nesta materia usarase a plataforma virtual de teledocencia da UVigo, Moovi.

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 1º cuadrimestre do 2º curso e no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Informática no 1º cuadrimestre do 4º curso.

Esta materia participa no programa English Friendly da Universidade de Vigo.